

## Carta aos lectores

**E**ste número de *Tempo Exterior* quere facer un primeiro achegamento ao que denominamos problemas globais, eses que conforman boa parte da axenda universal e que reclaman unha atención específica tanto dos organismos internacionais como da propia sociedade civil. Non se trata de problemas novos, senón de vellos desafíos que afondan o contraste entre as posibilidades que brinda o actual desenvolvemento global e a escasa atención prestada a doenzas crónicas que din ben pouco da nobreza da condición humana. Por exemplo, o último informe da FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación) é demoledor nas súas conclusións: o mundo non realizou progresos á hora de reducir a fame a pesar da promesa de hai dez anos de conseguir diminuíla á metade. Unha década despois do Cumio Mundial da Alimentación celebrado en Roma en 1996, onde, lembremos, todos os estados se comprometeron a reducir á metade o número de desnutridos en 2015, resulta que nos países en vías de desenvolvemento hai máis persoas pasando fame das que había en 1996. Segundo dixo o propio director xeral da FAO, Jacques Diouf, na presentación do informe. “En vez de decrecer, o número de persoas desnutridas no mundo está aumentando a razón de catro millóns por ano”, aseverou Diouf.

Incluimos dúas reflexións (Gerardo Iglesias e Carlos Amorín, e Lara Barros), sobre o grave problema da alimentación. Ao carón delas, Alberto Acosta e Óscar Ugarteche dirixen a súa atención ao problema da débeda, suxerindo a creación dun Tribunal Internacional de Arbitraje. Sobre os dereitos humanos, que nos últimos anos experimentaron un progreso contradictorio cando moitos agardabamos a súa confirmación como horizonte ético, pomenoriza Yolanda Román. Manuel Dios Diz, pola súa banda, achégase ao fenómeno educativo, onde radican moitas das esperanzas de cambio que fagan posible ese outro mundo alternativo sobre o que tamén reflexiona Manoel Santos.

O número complétase con outras reflexións de interese. O ensaio de Mario Roberto Morales disecciona criticamente todas as teorías académicas eurocéntricas dos estudos históricos, raciais, sociolóxicos e relixiosos sobre as sociedades latinoamericanas. Fernando Pérez-Barreiro fainos un cumprido balance da era Blair no Reino Unido, dez anos no 10 de Downing Street que culminarán no próximo maio. E para completar, unha introdución á diáspora armenia (Hacob Symonian), unha reflexión sobre o mar como espazo de conflito (Gonzalo Parente), e dous traballos máis que inciden no compromiso de China e Brasil coa cooperación sur-sur (Henrique Altemani de Oliveira) e no papel de Beijing no contencioso nuclear norcoreano (Eduardo Daniel Oviedo), ambos autores integrantes da Rede Iberoamericana de Sinoloxía que impulsa e coordina o Igadi.

Despois da derrota republicana o pasado novembro, comeza unha nova senda internacional en que cómpre albiscar outro xeito de afrontar a pesada her-

*danza configurada por Bush e os seus aliados: Iraq en situación de guerra civil, o rexurdimento talibán en Afganistán, o atasco palestino-israelí, Irán e Corea do Norte coas súas ambicións nucleares, etc. Unha axenda nefasta produto de seis anos de intimidación e extremismo da Administración Bush que reclama a volta a unha razón compartida e democrática.*

*O director.*